



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS E VISITANTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para o reforzo do material e persoal, así como colaborar nos gastos de funcionamento do Centro internacional de acollida aos peregrinos para unha maior atención e información aos peregrinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- A S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, é un singular monumento, que posee valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a convirten nun fito único





no marco do patrimonio cultural europeo e que víu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do Patrimonio mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle no sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

Terceiro.- A estes efectos a S.A.M.I Catedral de Santiago ten subscrito un convenio coa Fundación Carretas, en virtude do cal aquela asume a xestión dos usos do antigo asilo da rúa Carretas como Centro internacional de acollida aos peregrinos, o cal depende directamente da S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Cuarto.- No Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2020, na liña estratéxica 5: Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeas, plan de actuación 5.2: Optimización das infraestruturas e mellora dos servizos de atención ao peregrino na cidade, defínese a acción 5.2.2: Impulso do cumprimento do plan de usos aprobado no Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, e a Fundación Carretas asinado o 17 de setembro de 2014 para o Centro Internacional de Acolida de Carretas: centro de información ao peregrino, establecemento dun espazo destinado á investigación, estudo e difusión da Cultura Xacobeas.

Quinto.- Nos últimos anos vense asinando un convenio de colaboración outorgando unha subvención para os gastos de funcionamento do dito Centro internacional de acollida aos peregrinos, de xeito que redunde nunha mellor acollida ás milleiras de persoas peregrinas que chegan a Santiago.

Que a través deste convenio, outórgase a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

